4 de setembro de 1822 – nace en Antas de Ulla (Lugo) o médico Antonio Fernández

Carril.

4 de setembro de 1880 – nace en Ferrol Maximino Ramos López, ilustrador, gravador e pintor.

4 de setembro de 1906 – morre o poeta Valentín Lamas Carvajal.

5 de setembro de 1926 – fundación do Real Clube Náutico da Coruña.

5 de setembro de 1955 – Inaugúrase na Coruña o novo edificio histórico do Reino de Galicia.

5 de setembro de 1869 – nace en Valga Xosé Couselo Bouzas, sacerdote e investigador.

6 de setembro de 1830 – nace en Ferrol Federico Alejos Pita, ganador dos primeiros xogos floraís d Galicia (Coruña 1861).

6 de setembro de 1940 – pasamento na Coruña do pintor Alfredo Souto Cuero.

6 de setembro de 1757 – nace en Campo Lameiro Pedro Antonio Cerviño Núñez, cartógrafo, agrimensor e matemático.

7 de setembro de 1917 – nace en Santiago o médico e político Gerardo Fernández Albor.

7 de setembro de 1858 – A rainha Isabel II visita Santiago de Compostela. Con motivo desta visita agasállaselle unha colección de 14 fotografías feitas por Andrés Cisneros. Esta colección de 14 imaxes da Catedral e da Exposición Rexional de 1858 son as primeiras fotografías de Galicia que se conservan.

8 de setembro de 1897 – nace en Ourense Eduardo Blanco amor.

8 de setembro de 2004 – morre Manuel María.

9 de setembro de 1857 – publicase a lei Moyano.

9 de setembro de 1981 – morre en Teo (A Coruña) o pintor Manuel López Garabal.

10 de setembro de 1879 – pasamento de Gonzalo José de Vilches y Parga, 1º conde de Vilches.

10 de setembro de 1963 – inauguración do embalse de Belesar.

10 de setembro de 1963 – inauguración do novo poboado de Portomarín, no monte do Cristo.

10 de setembro de 1928 – morre Román Navarro Garcia Vinuesa, pintor.

11 de setembro de 1824 – nace en Vigo o xornalista e escritor Jaime Solá Mestre.

11 de setembro de 2002 – morre en Santiago de Compostela o actor e escritor Roberto Vidal Bolaño.

11 de setembro de 1898 – nace en Tabeirós, A estrada (Pontevedra) Manuel Bergueiro López, mestre, escritor e colaborador de xornais, cos pseudónimos de Rogueibor e Manuel de Vicenta.

12 de setembro de 1925 – nace Alfredo Navarro Payá, fundador do Grupo Filatélico de Pontevedra.

12 de setembro de 1880 – morre en Madrid Ricardo Puente Brañas, xornalista e escritor, dirixiu o xornal “El defensor de Galicia”, escribiu diversos dramas e zarzuelas.

13 de setembro de 1989 – morre en Pontevedra o galerista Ramón Martínez López.

13 de setembro de 1996 – morre en Pontevedra Xosé Filgueira Valverde, presidente do Consello da Cultura Galega.

13 de setembro de 1854 – constitución da “Sociedade civil particular del alumbrado de gas de la Coruña”.

14 de setembro de 1937 – nace en Baamonde (Lugo) o escultor Víctor Corral Castro.

14 de setembro de 1952 – morre na Coruña Ramón Villar Ponte, cofundador das irmandades da fala.

15 de setembro de 1851 – nace en Celanova Curros Enríquez.

15 de setembro de 1873 – primeiro ferrocarril construído en Galicia (Carnes-Carril)

15 de setembro de 1963 – Sae a rúa o primeiro da segunda etapa do Diario de Pontevedra.

15 de setembro de 1993 – afundemento do pesqueiro Nuevo Torre de Likona preto da illa de Salvora.

15 de setembro de 1920 – sae a rúa na Estrada (Pontevedra) o xornal “El emigrado”.

15 de setembro de 1951 – afundese nos Baixos da Carballosa (Arou) o buque carboneiro Castillo de Monteagudo

16 de setembro de 1812 – publícase na Coruña o xornal “El Ciudadano por la constitución”.

16 de setembro de 1851 – nace na Coruña Emilia Pardo Bazan, escritora, condesa de Pardo Bazán.

17 de setembro de 1910 – Colócase a primeira pedra do monumento á Virxe da Roca en Baiona (Pontevedra).

17 de setembro de 1111 – prodúcese a coroación de Afonso Raimundes como rei de Galicia polo Conde de Traba e o arcebispo Xelmírez.

18 de setembro de 1931 – Castelao, deputado nas cortes, fai unha encendida defensa do idioma galego ó debatirse o artigo cuarto da constitución republicana.

18 de setembro de 1908 – morre en Madrid Emilia Calé Torres, poetisa, narradora e dramaturga.

18 de setembro de 1910 – Colócase a primeira pedra do monumento á Virxe da Roca en Baiona (Pontevedra).

19 de setembro de 1868 – Ferrol foi a primeira poboación de España que secundou o pronunciamento de Cadiz.

19 de setembro de 1881 – morre en Ourense Xoán Antonio Saco Arce, gramático e escritor.

20 de setembro de 1989 – constitúese a Agrupación Astronómica Aller.

20 de setembro de 1990 – constitúese a Fundación Alexandre Bóveda.

20 de setembro de 1874 – nace na coruña Narciso Correal y Freire de Andrade, membro da Real Academia Galega.

20 de setembro de 1958 – pasamento en Bos Aires (Arxentina) do xornalista e actor Xosé Rodríguez Vicente.

21 de setembro de 1898 – nace en Silleda (Pontevedra) o médico José M^a Fernández Colmeiro.

21 de setembro de 1890 – nace en Pontevedra Enrique Campo Sobrino, debuxante e pintor.

22 de setembro de 1933 – Galicia é recoñecida como nación no IX congreso das Minorías Nacionais de Europa que, organizado pola Sociedade das Nacións (antecedente da ONU), se celebra en Berna.

23 de setembro de 1895 – nace en Lalin Xaquín Loriga Taboada experimentado aviador que en 1927 pilotou o primeiro avión que tomou terra en Galicia, foi no monte

Toxo de Lalín.

23 de setembro de 1981 – morre en Madrid Salustio Alvarado Fernández, hostólogo, catedrático de organografía e fisioloxía vexetal, membro da Real Sociedad de Ciencias Naturales.

23 de setembro de 1898 – afundese en augas de Vilán o buque carboneiro inglés F. Rophina.

24 de setembro de 1964 – Decreto polo que se crea o Museo Arqueolóxico Provincial da Coruña.

24 de setembro de 1896 – nace en Ribadeo (Lugo) o compositor Manuel Fernández Amor.

24 de setembro de 2010 – morre en Oleiros (A Coruña) M^a Dolores Casanova González, cantante, coñecida como Ana Kiro.

24 de setembro de 1962 – pasamento de Manuel Fernandez-Valdés Costas, publicista e cronista oficial de Tui.

25 de setembro de 1110 – Xelmirez proclama rei de Galicia a Alfonso Reimúndez.

25 de setembro de 1886 – morre en Lalín Manuel Varela buxán, dramaturgo e actor.

26 de setembro de 1764 – pasamento de frei Benito Jeronimo Feijoo y Montenegro.

27 de setembro de 1719 – Ribadeo foi bombardeado e tomado por 3 barcos da escuadra do inglés Jonson.

27 de setembro de 1882 – nace en Vigo o arquitecto Justo Ucha Piñeiro.

27 de setembro de 1910 – nace a sociedade anónima La Voz de Galicia S.A. cun capital social de 300.000 ptas.

28 de setembro de 1927 – o rei Alfonso XIII inaugura os locais do Circulo Cultural, Mercantil e Industrial deVigo.

29 de setembro de 1873 – publicase o último exemplar da revista “El Desengaño”, antes “La Caridad”.

29 de setembro de 1900 – Castelao realiza o exame de ingreso no instituto Xelmirez de Santiago.

29 de setembro de 1923 – afundese en Xan Ferreiro (Arou) o vapor portugués Santa María.

30 de setembro de 1918 – morre na Coruña Manuel María Puga Parga máis coñecido por Picadillo. Do seu libro La cocina práctica fixéronse 16 edicións entre 1905 – 1981.

30 de setembro de 1906 – sesión inaugural da Real Academia Galega na Coruña.

30 de setembro de 1869 – nace en Ourense Daniel Vázquez-Gulias, arquitecto.

30 de setembro de 1827 – nace en Monforte de Lemos o médico Maximino Teijeiro Fernández.

30 de setembro de 1844 – nace o escritor Xosé M^a Chao Ledo.

30 de setembro de 1910 – nace en Tui o médico e escritor Dario Álvarez Blázquez.

OUTUBRO

1 de outubro de 1884 – nace en Ourense Vicente Risco.

1 de outubro de 1873 – na Coruña ten lugar a primeira folga obreira na historia de Galicia.

1 de outubro de 1876 – publícase en Lugo “El diario de Lugo”

2 de outubro de 1881 – nace en Viveiro (Lugo) Antón Vilar Ponte.

2 de outubro de 1990 – morre en Lugo Xosé M^a Díaz Castro, traductor e poeta.

2 de outubro de 1947 – crease en Ferrol a empresa de construción navais Bazan.

2 de outubro de 1936 – morre en Entrimo (Ourense) Roberto Blanco Torres, xornalista e poeta.

2 de outubro de 1927 – nace en Ferrol o pintor Ricardo Segura Torrella.

3 de outubro de 1914 – nace en Silleda Ramón de Valenzuela.

3 de outubro de 1949 – nace na Coruña o pintor José Cuesat.

3 de outubro de 1896 – o xornal La Voz de Galicia, estrea unha rotoplana “Marinori” movida a vapor.

4 de outubro de 1915 – El Eco de Santiago publícase un número homenaxe a Pérez

Lugín.

5 de outubro de 1979 – constitúese en Vigo Edicións Xerais de Galicia.

5 de outubro de 905 – pasamento de San Froilan, obispo e patrón de Lugo.

5 de outubro de 1963 – Anxel Fole ingresa na Real Academia Galega.

5 de outubro de 1952 – morre en Santiago de Compostela Bernardo del Rio Parada, músico e compositor.

5 de outubro de 1910 – pasamento en Ferrol de Leandro saralegui Medina, mariño e erudito.

5 de outubro de 1889 – publicase o semanario galego A Monteira.

6 de outubro de 1907 – mitín en Betanzos de Manuel Lugrís. Utilízase por primeira vez o idioma galego nun acto político.

6 de Outubro de 1980 – inaugurase en San Cibraoo o complexo industrial Alúmina Aluminio.

6 de outubro de 1973 – afundese en Illas Lobeiras (Arou) o pesqueiro inglés N´Noll – Zent.

6 de outubro de 1923 – morre na Coruña Andrés Martínez Salazar, historiador e cofundador da Bilioteca Galega.

6 de outubro de 1700 – nace en Cuntis María Antonia Pereira do Campo, relixiosa coñecida como María Antonia de Xesús fundadora do convento das Carmelitas Descalzas de Santiago de Compostela.

7 de outubro de 1925 – celebrase en Lugo o primeiro congreso de economía de Galicia

8 de outubro de 1676 – Nace en Casdemio (Pereiro de Aguiar) Fr. Benito Jerónimo Feijoo.

8 de outubro de 1869 – nace en A Guarda Xoán Dominguez fontenla, sacerdote, arqueólogo e historiador.

8 de outubro de 1849 – nace na Coruña Juan Fernandez Latorre fundador do xornal La Voz de Galicia.

9 de outubro de 1853 – publicase en Pontevedra Ferro-Carril, periodico de intereses materiais.

10 de outubro de 1719 – desembarcan na praia de Coruxo (Vigo) as tropas inglesas.

Despois de saquear Vigo, Redondela e Pontevedra embarcan de novo cara a Inglaterra.

10 de outubro de 1974 – decreto polo que se crea o Museo do Traxe Galego.

10 de outubro de 1930 – morre en Santiago de Compostela o músico e sacerdote Santiago Tafall Abad.

10 de outubro de 1927 – afundese en Xan Ferreiro (Arou) o buque francés Nil.

10 de outubro de 1984 – morre en Santiago de Compostela xosé M^a Banet Díaz-Varela, arquitecto.

10 de outubro de 1749 – nace en Santa Eulalia de Oscos, Asturias, Antonio Raimundo Ibañez, comerciante e industrial, marqués de Sargadelos e conde de Orbaiceta.

11 de outubro de 1875 – nace na Coruña o matemático David Fernández Dieguez.

12 de outubro de 1879 – El Eco de Galicia fai unha proposta para instituír un ateneo galego na Habana.

12 de outubro de 1923 – fundase o Seminario de Estudos Galegos en Santiago de Compostela.

12 de outubro de 1886 – morre en Cuntis (Pontevedra) Domingo Fontán Rodríguez, xeógrafo e matemático.

13 de outubro de 1853 – pasamento en Madrid de Luis López Ballesteros, líder da sublevación, en Galicia, contra os franceses.

13 de outubro de 1983 – o Servicio de Extensión Agraria pasa a depender da Xunta de Galicia.

13 de outubro de 409 – os Suevos cruzan os Pirineos.

13 de outubro de 1807 – morre en Betanzos o xurista ilustrado Bernardo herebella de Puga.

13 de outubro de 1910 – nace en Ferrol o profesor e escritor Gonzalo Torrente Ballester.

14 de outubro de 1647 – pasamento de frei Nicolás Bravo, abade do mosteiro de Sobrado dos Monxes (A Coruña), que fixo grandes melloras no seu interior.

14 de outubro de 1941 – constitución de Astano, cun capital social de 2.000.000 de ptas.

14 de outubro de 1981 – pasamento en Ribadeo do pintor Amando Suárez Couto.

15 de outubro de 1702 – entra na ría de Vigo, procedente de México, unha frota con 108 millóns de pezas de ouro e prata. A frota foi asaltada por unha escadra anglo-holandesa que levou parte das riquezas; outra parte permanece no fondo da ría de Rande.

15 de outubro de 1981 – morre en Santiago de Compostela o escritor Rafael Dieste Gonçalves.

15 de outubro de 1956 – fundase en Bemposta (Ourense) La Ciudad de los Muchachos.

15 de outubro de 1916 – primeira proba ciclista rexional (Santiago – Coruña).

15 de outubro de 1916 – o compostelán Honorino Mendez, vence na 1ª proba ciclista rexional entre Santiago e Coruña.

16 de outubro de 1881 –morre na Coruña o músico Marcial de Adalid.

16 de outubro de 1967 – morre en Pontevedra o fotógrafo Xoaquín Pintos.

16 de outubro de 1968 – inaugurase en Ferrol a Ponte das Pias.

17 de outubro de 1702 – nace en Quinzanas, Asturias, Francisco Alonso Francos Arango, bispo de Ourense e doutor en teoloxía.

17 de outubro de 1886 – aparece en Santiago o semanario Café con Gotas co subtítulo de semanario humorístico sin tostada.

17 de outubro de 1749 – nace en Oscos (Asturias) Antonio Raimundo Ibáñez Marques de Sargadelos que constrúe en Sargadelos o primeiro alto forno da siderurgia española.

17 de outubro de 1935 – pasamento en Barcelona do médico Viques Enrique Ribas Ribas.

18 de outubro de 1830 – pasamento do poeta lugues Luis Corral Domínguez.

18 de outubro de 1985 – morre en Barcelona Xaime del Valle-Inclán Blanco, pintor que cultivou o paisaxe e o bodegón, fillo de Ramón Mª del Valle-Inclán.

19 de outubro de 1534 – nace en Córdoba Juan de Sanclemente Torquemada, arcebispo de Santiago e inquisidor, escondeu aas reliquias do apóstolo Santiago por kor da invasión de Drake.

19 de outubro de 1869 – nace en Mondoñedo Noriega Varela.

19 de outubro de 1823 – nace en Ferrol Ramón Plá y monje, fundador da fundación Amboage.

19 de outubro de 1989 – o escritor Camilo José Cela obtén a premio Nobel de Literatura.

19 de outubro de 1994 – morre en Palma de Mallorca o artista plástico Xosé M^a Labra Suazo.

20 de outubro de 1929 – estréase o pasodoble Pontearreas dedicado por Severiano Soutullo ó seu pobo natal.

20 de outubro de 1989 – inaugurase o Palacio da Ópera, Teatro e Congresos de Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia).

20 de outubro de 847 – morre Toedomiro bispo de Iria Flavia.

20 de outubro de 1803 – nace en Santiago o pintor Xoán Xosé Cancela del Rio.

20 de outubro de 1913 – nace en Pontevedra o arquitecto Alexandre de la Sota Martinez.

20 de outubro de 1981 – primeiras elección ao Parlamento de Galicia.

21 de outubro de 1923 – publicase en Betanzos “La Batalla”, quincenario independente.

21 de outubro de 1966 – afundese en augas de Vilán o mercante español Begoña.

22 de outubro de 1886 – nace en Madrid, de familia galega, o filósofo e escritor Xoán Vicente Viqueira.

22 de outubro de 1929 – encalla en Ensenada de Arnela (Camariñas) o buque carboneiro inglés Trebezy.

22 de outubro de 1702 – comenza a batalla naval de Rande.

22 de outubro de 1873 – pasamento en Ourense do escritor Fernando Alfonso Fulgoso.

23 de outubro de 1923 – Fúndase o seminario de Estudos Galegos.

23 de outubro de 1702 – remata a batalla naval de Rande contra a escuadra inglesa

24 de outubro de 1868 – desaparece o semanario lucense “El Eco Popular”, que comenzou a editarse o 3 do mesmo mes.

24 de outubro de 1905 – nace en Mondoñedo Carlos Polo López-Berdeal capelán e escritor, coñecido como Padre Polo.

25 de outubro de 1770 – nace en Bermés-Lalin o matemático Xosé Rodríguez González, considerado o máis insigne científico do estado no seu tempo.

25 de outubro de 1854 – nace en Mondoñedo Manuel Leiras Pulpeiro.

25 de outubro de 1916 – chega García Lorca a Santiago na súa primeira viaxe a Galicia.

26 de outubro de 1979 – publicación do decreto polo que se crea o CEGEBAD (centro galego de educación básica a distancia).

26 de outubro de 1865 – nace en Tui Manuel Lago González, bispo, fundador da Real Academia Galega.

27 de outubro de 1692 – otorgase o marquesado de Bendaña a Rodrigo Antonio Falcón de Ulloa y Ribadeneira.

28 de outubro de 1866 – nace en Vilanova de Arousa Ramón M^a del Valle Inclán.

28 de outubro de 1906 – nace en Pontevedra o historiador e escritor Xosé Fernando Filgueira Valverde.

28 de outubro de 1932 – pasamento en Madrid do músico en compositor Reveriano Soutullo Otero.

28 de outubro de 1596 – afundense fronte a Fisterra 25 buques pertecentes a Armada do Adelantado Martín de Padilla.

29 de outubro de 1977 – inaugúrase o Museo do Pobo Galego en Santiago.

29 de outubro de 1941 – morre en Lugo Purificación de Cora Más-Villafuente, editor e xornalista.

29 de outubro de 1812 – nace en Outes (A Coruña) o xornalista e poeta Francisco Añón Paz.

29 de outubro de 1959 – crease en Bos Aires (Arxentina) a Asociación Aqrentina de Hijos de Gallegos.

30 de Outubro de 1920 – Aperece en Ourense o primeiro número de Nós, boletín mensual da cultura galega.

30 de outubro de 1999 – morre en Santiago de Compostela o poeta Uxío Novo Neira.

30 de outubro de 1486 – Os Reis Católicos toman baixo a súa protección os mosteiros beneditinos de Galicia.

30 de outubro de 1917 – un submarino alemán afunde en augas de Vilán ao carboneiro inglés Avon Blancy.

30 de outubro de 1893 – morre en Ourense Xoán Sieiro González, profesor e xornalista, fundou o xornal El Alerta (1862) en Pontevedra.

31 de outubro de 1970 – na ría da Coruña embarranca o Erkowit con carga insecticida.

31 de outubro de 1906 – morre en Madrid Aureliano Xosé Pereira de la Riva, xornalista e escritor académico de la Real Academia Galega.

31 de outubro de 1849 – Se crea la Academia Provincial de Bellas Artes (A Coruña)

31 de outubro de 1963 – morre en Madrid o xornalista e poeta Xavier Bóveda Pérez

NOVEMBRO

1 de novembro de 1567 – nace en Baiona Diego Sarmiento de Acuña, primeiro conde de Gondomar, home que destacou pola súa lealdade a Galicia.

1 de novembro de 1849 – nace en Ourense Valentín Lamas Carvajal.

1 de novembro de 1918 – constitúese a sociedade Fábricas Coruñesas de Gas y Electricidad.

1 de novembro de 1932 – naufraga en Bateria de Soberano o vapor pesqueiro español Weiler-3.

2 de novembro de 1963 – morre na Coruña a pintora M^a Dolores Díaz Baliño.

2 de novembro de 1810 – afundese fronte a Viveiro (Lugo) a fragata española Santa María Magdalena.

2 de novembro de 1878 – deixase de publicar en Cienfuegos (Cuba) o semanario en lingua galega El Avisador Galaico.

3 de novembro de 1853 – sae a rúa o primeiro número de Faro de Vigo.

4 de novembro de 1930 – morre Ángel Amor Ruibal.

4 de novembro de 1978 – as cortes españolas aproban o estatuto de autonomía de

Galicia.

4 de novembro de 1973 – Xosé M^a Díaz de Castro e nomeado membro da Real Academia Galega.

5 de novembro de 1859 – nace na Coruña Eugenio Carré Aldao.

5 de novembro de 1830 – nace en Ferrol o xornalista e escritor Ramón García Vicetto.

5 de novembro de 1992 – carta europea das linguas rexionais ou minoritarias.

5 de novembro de 1883 – afundese en Ensenada de Trece o vapor inglés Iris Hull.

5 de novembro de 1876 – publicación do primeiro anuncio publicitario en galego . a empresa neoiiorquina de máquinas de coser Singer publicitase no xornal O Tio Marcos da Portela.

6 de novembro de 1950 – afundese en Pedra da Sal (Santa Mariña) o vapor grego Maria Laar.

6 de novembro de 1906 – fundase en Bos Aires o Banco de Galicia.

6 de novembro de 1979 – morre o músico santiagues Luis Brage.

7 de novembro de 1970 – créase o Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela.

7 de novembro de 1997 – constitúese a fundación Santiago Rey Fernandez-Latorre do xornal La Voz de Galicia.

8 de novembro de 1885 – publicase en Pontevedra “Galicia Cómica”.

8 de novembro de 1922 – fundase en Ourense a Sociedad de Cultura Galega Nós.

9 de novembro de 1911 – nace en Ourense Antonio Fernández-Román Garcia de Quevedo, realizador cinematográfico, coñecido como Antonio román.

9 de novembro de 1959 – morre en Cambados Ramón Cabanillas.

9 de novembro de 1922 – nace no Barco de Valdeorras (Ourense) Lauro Olmo Gallego, dramaturgo.

9 de novembro de 1924 – primeiro encontro entre o Deportivo da Coruña e o Celta de Vigo.

9 de novembro de 1941 – naufraga en Punta da Pedrosa o patache portugués Yale Hermoso.

9 de novembro de 1896 – sae a rúa o último número de La Tierra Gallega na Habana.

10 de novembro de 1978 – morre en xunqueira de Avio (Ourense) Santiago Crespo Pozo.

10 de novembro de 1926 – morre en Ortigueira Leandro M^a Ramón Pita Sánchez-Boado, xurista, promotor e presidente da Federación Agraria de Ortigueira. Foi membro da Real Academia Galega.

10 de novembro de 1890 – o buque escola inglés Serpent afundase fronte a costa de Camariñas.

10 de novembro de 1855 – Elías Huard comunica ao concello da Coruña que ao día seguinte 11 daría alumeado a poboación por medio do gas.

11 de novembro de 1939 – nace en Ferrol o pintor, debuxante e escultor Xoán xosé Braxe.

11 de novembro de 1908 – pasamento en Madrid de Manuel Vázquez de Parga Somoza e Pallares, xurista, III conde de Pallares.

11 de novembro de 1923 – estreo da película Maruxa dirixida por Henry Voris e rodada en Sa Pedro de Sárdoma-Vigo e provincia de Pontevedra.

12 de novembro de 1712 – morre en Santiago de Compostela o arquitecto Antonio Domingo de Andrade.

13 de novembro de 1832 – nace en Santiago de Compostela Eugenio Montero Ríos.

13 de novembro de 2002 – catástrofe do Prestige.

13 de novembro de 1898 – exposición en vigo do cinematógrafo de José Sellier.

14 de novembro de 1738 – nace en Noia o escultor Xosé Ferreiro.

14 de novembro de 1886 – nace en Ourense o arqueólogo florentino López-Alonso Cuevillas.

14 de novembro de 1916 – edición de primeiro número de A Nosa Terra na Coruña, dirixido por Antón Vilar Ponte.

14 de novembro de 1985 – fúndase en vigo a editorial Ir Indo.

14 de novembro de 1968 – morre en Madrid Ramón Menéndez Pidal, filólogo e historiador.

15 de novembro de 1944 – en Montevideo constitúese o Consello de Galicia (gobierno galego no exilio).

15 de novembro de 1852 – nace en Ourense o historidor e xornalista Arturo Vázquez Nuñez.

15 de novembro de 1931 – pasamento en Santiago de Compostela de Enrique Mayer Castro, gravador e acibecheiro.

15 de novembro de 1921 – pasamento en Bos Aires do mestre director de orfeóns Xesús Alonso Gallego.

15 de novembro de 1894 – nace en Tui o avogado e escritor Leopoldo Calvo Sotelo.

16 de novembro de 1877 – nace en Ourense Francisco Santalices, estudioso da música popular galega.

17 de novembro de 1885 – nace na Pobra do Caramiñal Manuel Millán Millán, médico, considerado o primeiro especialista en radioloxía de Galicia.

17 de novembro de 1935 – pasamento do xornalista Eladio Fernandez Dieguez.

17 de novembro de 1918 – I assemblea de Irmandades da Fala celebrada en Lugo. Nela acordase solicitar a autonomía integral da Nación Galega e substituír o termo “rexionalismo” polo de “nacionalismo”.

17 de novembro de 1970 – pasamento na Coruña da pintora María do Carme Corredoira e Ruiz de Baro, coñecida como María Corredoyra.

18 de novembro de 1954 – morre o escritor Antonio Amador Villar Novaís.

18 de novembro de 1965 – afundese en Coenda Longa o mercante marroquino Banora.

19 de novembro de 1934 – nace en Xenil (Lugo) o pedagogo e escritor Dino Pacio Lindín.

19 de novembro de 1989 – concedeselle o premio Nobel a Camilo José Cela.

20 de novembro de 1852 – Isabel II concede o vizcondado de Espesantes a Manuel Vázquez Quiroga.

20 de novembro de 1970 – pasamento de Antonio Fernandez Gómez, pintor.

20 de novembro de 1970 – pasamento de María Barbeito Cerviño, escritora, socióloga e pedagoga.

20 de novembro de 1955 – pasamento en Santiago de Compostela do escritor Salvador García-Bodaño Fernández.

21 de novembro de 1922 – nace na Coruña a actriz María Casares.

21 de novembro de 1860 – presentación de bases para a concesión do alumeadado publico en Santiago de Compostela.

21 de novembro de 1871 – nace en Santiago de Compostela o médico Miguel Gil Casares.

22 de novembro de 1996 – morre en Charente (Francia) a actriz María Casares.

22 de novembro de 1882 – O concello de Vigo aproba a concesión do alumeadado de gas por 40 anos.

23 de novembro de 1879 – reunión na que se acorda crear o Centro Galego da Habana.

23 de novembro de 1968 – pasamento na Coruña de Rafael Barros Merino, debuxante.

24 de novembro de 1857 – deixa de publicarse “La Aurora del Miño”, periódico lucense de intereses morales y materiales.

24 de novembro de 1985 – pasamento na Coruña do pintor Xosé Francisco Pérez Martínez.

25 de novembro de 1852 – publicase “Ecos de Vigo”, semanario literario.

26 de novembro de 1867 – nace na Coruña o músico José Baldomir Rodríguez.

26 de novembro de 907 – nace San Rosendo.

27 de novembro de 1976 – pasamento do historidor ourensán Xesús Taboada Chivite.

27 de novembro de 1906 – morre en Santiago de Compostela Xacobe Gil Villanueva, xurista e reitor da Universidade de Santiago, membro da Real Academia de Jurisprudencia y Legislación.

27 de novembro de 1764 – publicación da oración fúnebre que a universidade de Oviedo consagrou a inmortal memoria de Fray Benito Jerónimo Feijoo y Montenegro.

27 de novembro de 1717 – nace en Baralla Vicente Álvarez de Neira, avogado, promotor da creación do colexio de abogados da Real Audiencia de A Coruña e arquivado do Reino de Galicia.

27 de novembro de 1944 – morre en Santiago de Compostela o médico Antonio Abal Hermo.

28 de novembro de 1928 – nace en Vigo Xesús Alonso Montero.

28 de novembro de 1784 – crease a Fundación “Figueroa”.

28 de novembro de 1893 – afundese en Baleas de Tosto o vapor inglés Aceritual.

29 de novembro de 2002 – emitese en España unha tirada de 1.200.000 selos ca imaxe do cruceiro de Hio (Changas)

29 de novembro de 1945 – desaparece o Concello de Trasparga, intregrandose en Guitiriz.

30 de novembro de 1232 – conságrase a catedral-fortaleza de Tui (Pontevedra). Comenzárase a facer no 1120.

30 de novembro de 1833 – decreto polo que as 7 provincias galegas se converten nas 4 actuais; desaparecen as de Betanzos, Mondoñedo e Tui.

30 de novembro de 1833 – o reino de Galicia deixa de existir formalmente.

30 de novembro de 1892 – nace en Santiago de Compostela Gabriel Xosé Eiroa Barral, escultor.

30 de novembro 1918 – desaparece o xornal Gaceta de Galicia

DECEMBRO

1 de decembro de 1979 – morre en Vigo Eduardo Blanco Amor.

1 de decembro de 1883 – o alumeado por gás de Ferrol pasa a depender do empresa La Catalana.

1 de decembro de 1987 – publicase o primeiro número do diario oficial de Galicia, que comunica en galego e castelán as leis e anuncios da Xunta de Galicia.

2 de decembro de 1977 – sae á luz o primeiro número da nova etapa do periódico A nosa Terra en Santiago.

2 de decembro de 1887 – nace en León o pintor Roberto González del Blanco.

3 de decembro de 1992 – embarranca na ría da Coruña o petroleiro Mar Egeo.

3 de decembro de 1926 – nace en Mugar dos o médico e presidente do padroado

Rosalía de Castro, Agustín sexto Seco.

3 de decembro de 1847 – primeira intervención quirúrxica en Santiago de Compostela utilizando cloroformo como anestésico.

3 de decembro de 1911 – pasamento na Coruña do matemático Xoán Xacobe Durán Loriga.

3 de decembro de 1499 – o Papa Alexandre VI exoide unha bula autorizando a construción, en Santiago de Compostela, dun hospital para peregrinos pobres.

4 de decembro de 1967 – fúndase edicións do Castro.

4 de decembro de 1978 – morre en Vigo o pintor Carlos Sobrino Buhigas.

4 de decembro de 1985 – Santiago de Compostela é declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

5 de decembro de 1726 – acordase por Real Decreto a creación dos asteleiros de Ferrol.

5 de decembro de 1987 – afundese na costa de Fisterra, cargado de materiais tóxicos, o barco “Cason”.

5 de decembro de 2002 – morre na Estrada o pintor Anxo Lemos de Reyes.

6 de decembro de 1931 – fúndase o partido galeguista en Pontevedra.

7 de decembro de 1977 – afundimento do cargueiro “Aries” fronte as costas de Ribeira.

7 de decembro de 1483 – por orde dos Reis Católicos apresan ó Mariscal Pardo de Cela e o seu xenro con algúns fidalgos e labregos.

7 de decembro de 1971 – morre en Madrid Fernando Quiroga Palacios, último cardeal de Santiago de Compostela.

7 de decembro de 1911 – nace en Meis Manuel Pesqueira Salgado, pintor.

7 de decembro de 1906 – nace en Santiago de Compostela Concha Vázquez Martínez, pintora.

8 de decembro de 1726 – nace en Padrón María Ánxela Romay Romera, relixiosa, ingresou no convento das mercedarias de Santiago de Compostela e, por orde do seu confesor, Luis de Salcedo, escribiu a súa “autobiografía” que se conserva manuscrita, e numerosas cartas entre 1698 e 1701.

8 de decembro de 1900 – último exemplar do semanario satirico El Ciclón.

8 de decembro de 2000 – morre en Vigo o pintor Xavier Pousa Carrera.

8 de decembro de 1895 – nace na Coruña Antonio Santiago Álvarez, autor teatral e xornalista coñecido como Nito.

9 de decembro de 1617 – saqueo de Cangas polos turcos.

9 de decembro de 1933 – O médico Coruñes Roberto novoa Santos faleceu aos 48 anos.

9 de decembro de 1952 – pasamento en Mugardos do pintor Felipe Bello Piñeiro.

10 de decembro de 1617 – dazaquito navios turcos e berberiscos cañonearon o porto de Vigo atacando logo con fusilería.

10 de decembro de 1989 – entregaselle o premio Nobel a Camilo José Cela.

10 de decembro de 1871 – nace en Pontevedra Xerardo Álvarez Limeses avogado, escritor e membro da Real Academia Galega.

11 de decembro de 1910 – naufragio do buque “Palermo”, fronte a o faro de Salvora, morreron os 24 ocupantes.

12 de decembro de 1925 – dóase ó pobo de Vigo o pazo de Quiñónez de León por parte do pai de Fernando de Quiñónez de León e Eldnayen.

13 de decembro de 1654 – concedese o Vizcondado de Barrantes a Mauro de Caamaño Mendoza y Sotomayor.

13 de decembro de 1901 – nace na Mezquita (Ourense) Albino Núñez Domínguez, escritor e pedagogo.

13 de decembro de 1966 – morre en Vigo Xosé Espinosa de los Monteros y Rodríguez farmacéutico e historiador.

14 de decembro de 1895 – nace en Betanzos José Rodríguez Arriola, músico e neno prodixio coñecido por Pepito Arriola.

14 de decembro de 1978 – morre en Locarno (Suíza) o escritor e historiador Salvador de Madariaga.

14 de decembro de 1520 – convocouse en Melide (A Coruña) unha asemblea coa finalidade de crear unha fonte común contra os comeneiros.

14 de decembro de 1113 – A orde cluniacense implantase en San Martín de Xubia (Ferrol).

14 de decembro 1898 – nace en Baltar Olimpia Valencia López, primeira muller en Galicia en obter a licenciatura de medicina (1925).

14 de decembro de 1895 – nace en Betanzos José Rodríguez Arriola, músico e neno prodixio coñecido como Pepito Arriola.

15 de decembro de 1969 – fúndase a iniciativa de Xosé Neira Vilas a sección galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Academia de Ciencias de Cuba na Habana.

15 de decembro de 1878 – nace en Mugar dos Xosé Piñeiro González, aviador acrobático.

15 de decembro de 1784 – nace en Mondoñedo José Pacheco, mestre de capela da catedral desta vila e mestre de Pascual Veiga.

15 de decembro de 1804 – morre en Mondoñedo Ánxel Santavalla, iniciador da tradición das cantigas de nadal mindionense.

16 de decembro de 1811 – nace en Pontevedra Xoán Manuel Pintos, autor do primeiro libro que coñece a literatura galega do Renacemento, A Gaita Galega (1853).

16 de decembro de 1884 – nace en Vilanova de Arousa o escritor Julio Camba.

16 de decembro de 1849 – nace en Santiago de Compostela Cleto Troncoso Pequeño, xurista e reitor da USC.

16 de decembro de 1940 – peche do xornal estradense “El Emigrado” con 666 números publicados.

17 de decembro de 1483 – decapitación do Mariscal Pardo de Cella e do seu fillo Pedro de Mondoñedo.

17 de decembro de 1900 – nace en Laxe o xeólogo Isidro Parga Pondal.

17 de decmbro de 1895 – nace o editor Ánxel Casal.

17 de decembro de 1932 – redacción do primeiro estatuto de autonomía de Galicia.

17 de decembro de 1975 – o xornal La Voz de Galicia recupera a Biblioteca Gallega ca reedición de Los Precursores de Manuel Murguía.

17 de decembro de 1888 – nace na Coruña Pedro Barrie de la Maza, conde de FENOSA.

18 de decembro de 1974 – pasamento en Santa Comba, a Coruña, do debuxante Antonio Tomé Taboada, coñecido como Atomé.

- 18 de decembro de 1895 – nace en Lugo Luis Pimentel.**
- 18 de decembro de 1976 – inaugúrase o museo da catedral de Tui.**
- 19 de decembro de 1868 – nace en Valga (Pontevedra) La Bella Otero.**
- 19 de decembro de 1981 – constitución do primeiro parlamento de Galicia.**
- 19 de decembro de 1847 – O doutor Antonio Casares publicou os seus resultados de intervención quirúrxica con cloroformo como anestésico.**
- 20 de decembro de 1907 – estréase no Gran Teatro da Habana o himno Galego.**
- 21 de decembro de 1121 – Dona Urraca entrega a Xelmirez as Torres do Oeste que gardan o fondo da ría de Arousa.**
- 21 de decembro de 1980 – referendo do estatuto de autonomía de Galicia.**
- 21 de decembro de 1888 – aparece en Betanzos o primeiro número de “El Brigantino”, semanario independente.**
- 22 de decembro de 1884 – nace en Moldes-Boborás (Ourense) Antón Losada Diéguez. No ano 1984 creouse o premio literario que leva o seu nome.**
- 22 de decembro de 1896 – primeira proba de iluminación eléctrica en Vigo, sendo alcalde Félix Astray.**
- 22 de decembro de 1911 – nace en Mondoñedo Álvaro Cunqueiro.**
- 22 de decembro de 1950 – nace en Pontecaldelas Xesús Vaamonde Polo, cantautor, coñecido como Suso Vaamonde.**
- 22 de decembro de 1952 – cae na Coruña o premio gordo da lotería de nadal no nº 25766.**
- 22 de decembro de 1963 – decreto que promulga a compilación do Derecho Civil Especial de Galicia.**
- 22 de decembro de 1930 – morre en Santiago de Compostela Xosé Francisco Lesta Meis, escritor e xornalista.**
- 22 de decembro de 1928 – nace en Tui Juan José Oliveira Vieitez, escultor.**
- 23 de decembro de 1973 – morre en vigo o pintor Urbano Lugrís.**
- 23 de decembro de 1839 – nace en Santiago Manuel Chaves Rodriguez, músico e**

compositor.

23 de decembro de 1878 – otorgarse en Ferrol contrato para a instalación do alumado público de gas.

24 de decembro de 1896 – cesa de publicarse o boletín bibliográfico de la Librería Gallega.

24 de decembro de 1742 – nace en Boqueixón (A Coruña) o pintor Gregorio Ferro Requeijo.

24 de decembro de 1852 – nace en Pontevedra Xesús Murais Rodriguez, abogado e escritor.

25 de decembro de 1999 – primeiro concerto da Banda Xuvenil de Vilatuxe (Pontevedra).

25 de decembro de 1714 – morren en Pontevedra Josefa Colón de Portugal, descendente de Cristóbal Colón e o seu esposo Fernando de Onís y Cisneros.

26 de decembro de 1908 – deixa de publicarse “Eco de Viveiro”.

27 de decembro de 1988 – a Real Academia da Historia aproba un novo escudo para o Concello de Carral.

27 de decembro de 1949 – pasamento en Marín de Xoán Rodriguez Cabrero, relixioso e escritor.

28 de decembro de 1879 – nace Armando Cotarelo Valledor, primeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos.

28 de decembro de 1843 – morre en Madrid o mariño ferrolán Olegario de los Cueros Castro.

28 de decembro de 1923 – nace en Camariñas Manuel Ferrol Fernández, fotógrafo.

28 de decembro de 1984 – Estréase en Vigo a película Mamasunción de Chano Piñeiro.

28 de decembro de 1888 – grave accidente na fábrica de gas de Santiago de Compostela con 3 mortos.

29 de decembro de 1963 – inaugúrase o Museo Municipal de Santiago nas novas dependencias do convento de Santo Domingo de Bonaval.

30 de decembro de 1928 – inaugúrase o estadio de Balaídos (Vigo).

30 de decembro de 1999 – a Unesco declara a muralla de Lugo como patrimonio da humanidade.

31 de decembro de 1900 – nace na Coruña o pintor Ricardo Camino Calvo.

31 de decembro de 1997 – pasamento en Ferrol do pintor e escritor Xosé Leyra Dominguez.